

Informe Cuadrimestral nº 54 (maio-agosto de 2022)

Neste informe recóllense os principais feitos e actividades acontecidos no período de maio a agosto de 2022 relacionados coa ETSE. Durante este período celebrouse unha Xunta de Escola ordinaria o día 9 de xuño, e catro extraordinarias o 10 de maio, o 16 de xuño, o 23 de xuño e o 21 de xullo.

Persoal

9 de maio. Toma de posesión de Anselmo Tomás Fernández Pena, Catedrático da área de Arquitectura de Tecnoloxía de Computadores, José Ramón Ríos Viqueira, Profesor Titular da área de Linguaxes e Sistemas Informáticos e Juan Carlos Cabaleiro Domínguez, Catedrático da área de Arquitectura de Tecnoloxía de Computadores.

9 de maio. Toma de posesión de Anuska Mosquera Corral como Catedrática de Enxeñaría Química.

1 de xullo. Entrega da Insignia de Ouro da Universidade de Santiago de Compostela ao profesor emérito de Enxeñaría Química da USC, D. Ramón J. Méndez Pampín.

11 de xullo. Contratación como Profesor Axudante Doutor da área de coñecemento de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial de Dna. Olinda Nelly Condori Fernández.

11 de xullo. Contratación como Profesor Axudante Doutor da área de coñecemento de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial de Dna. Sonia M^a Valladares Rodríguez.

6 de xullo. En consello de departamento, o profesor Juan Manuel Garrido Fernandez foi elixido como director do departamento de enxeñaría química para o periodo 2022-2026.

19 de xullo. Nomeamento como coordinador de primeiro curso do Grao en Intelixencia Artificial por parte da comisión de titulación de José Ameijeiras Alonso.

20 de xuño 18 de outubro. Incorporación e posterior cese de Francisco Javier González Rodríguez como Auxiliar de Servizos en quenda de tarde, para cubrir a baixa por enfermidade de Jesús Sánchez Lojo.

Asuntos académicos

12 de maio. Asignación definitiva de prazas de prácticas en empresa extracurriculares do Grao en Enxeñaría Informática.

13 de maio. Publicación da convocatoria de prazas de prácticas en empresa para os estudantes do Máster en Enxeñaría Ambiental.

18 de maio. Publicación da convocatoria de prazas de prácticas en empresa para os estudantes do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos para o curso 2022-23.

20 de maio. Acto de Graduación da VIII Promoción do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos sendo o seu padriño o profesor Héctor Rodríguez Martínez.

20 de maio. Defensa da tese de doutoramento de D. Sergio Santorio Aldariz, titulada: Continuous flow granular reactors to treat freshwater aquaculture effluents, dirixida por Dona Anuska Mosquera Corral e Dona M^a Ángeles Val del Río.

25 de maio. Asignación definitiva de prácticas en empresa para o período de verán dos estudantes de Grao en Enxeñaría Química.

10 de xuño. Publicación do listado definitivo de Premios á Excelencia Académica, curso 2020-21 sendo premiados os seguintes alumnos da ETSE:

- David Mohedano Vázquez, Grao en Enxeñaría Informática
- Aldán Creo Mariño, Grao en Enxeñaría Informática
- Andy Barcia Rodríguez, Grao en Enxeñaría Informática
- José Luis Ares Sainz, Grao en Enxeñaría Química
- Ainoa Pico Caaveiro, Grao en Enxeñaría Química
- Rodrigo Tasende Reboredo, Grao en Enxeñaría Química
- Pablo Monteagudo Lago, Dobre grao Informática-Matemáticas
- Manuel Paz Pintor, Dobre grao Informática-Matemáticas
- Cristina López Amado, Dobre grao Informática-Matemáticas
- Xiana Carrera Alonso, Dobre grao Informática-Matemáticas
- Artur Vázquez Rego, Dobre grao Informática-Matemáticas

16 de xuño. Asignación definitiva das prazas de prácticas en empresa do alumnado do Máster en Enxeñaría Ambiental.

16 de xuño. Dna. Alba Roibás Rozas presentou a súa tese “Challenges implementing circular economy principles in the management of industrial saline effluents: from technology development to holistic assessment” dirixida polas profas. Anuska Mosquera e Almudena Hospido.

17 de xuño. Acto de Graduación do XVI Promoción do Máster en Enxeñaría Ambiental, sendo padriño Xosé Lois Otero Pérez.

23 e 27 de xuño. Defensa de TFM do Máster en Enxeñaría Ambiental.

28 de xuño. Defensa de TFM do Máster en Computación de Altas Prestacións.

5 de xullo. Defensa de TFM do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos.

8 de xullo. Asignación definitiva das prazas de prácticas en empresa para o alumnado do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos do curso 2022-23.

8 de xullo. Acto de Graduación da X Promoción do Grao en Enxeñaría Química, sendo madriña a profesora Ana Soto Campos.

14 e 15 de xullo. Defensa de TFM do Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data.

18 e 19 de xullo. Defensa de TFG do Grao en Enxeñaría Química e do Grao en Enxeñaría Informática.

22 de xullo. Acto de Graduación da XIII Promoción de Grao en Enxeñaría Informática sendo padriños Dora Blanco Heras e Francisco Fernández Rivera.

Actividades

4 de maio. I Seminario da Cátedra de Transición Enerxética Genesal Energy, baixo o título 'Mulleres STEM e Transición Enerxética: acelerando o cambio cara á sustentabilidade'. Trátase da primeira actividade académica que organiza esta Cátedra institucional creada o pasado mes de decembro pola institución universitaria e Genesal Energy. Oito profesionais da industria, a universidade e a administración pública, todas con cargos de responsabilidade, comparten as súas experiencias e disertan sobre cuestións como o talento, o emprego ou os retos da transición enerxética.

21 de maio. 7 estudantes de Grao en Enxeñaría Química participaron no encontro de Seccións de Estudantes ISA celebrado en Madrid. A "Escuela Técnica Superior de Ingeniería" e a Empresa Emerson acolleron o encontro no que tamén participaron membros da directiva da Sección profesional.

6 ao 10 de xuño. 12th Micropol & Ecohazard Conference 2022. Organizadores pola USC: Sonia Suárez e Francisco Omil

Aula Profesional

6 de xuño. Young Water Professionals (YWP) Workshop. Organizado por Francisco Omil e Sonia Suárez.

Convenios de colaboración en Prácticas en empresas, Traballo Fin de Grao/Proxecto Fin de Carreira/Traballo Fin de Máster

AMEGROVE	Grao en Enxeñaría Química
APPLUS NORCONTROL SLU	Titulacións da área de Enxeñaría Química
BJ ATLANTHY SL	Titulacións da área de Enxeñaría Química

FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓGICO DE INVESTIGACIÓN MULTISECTORIAL	Tódalas titulacións da USC
GESTION Y TECNICAS DEL AGUA S.A.	Titulacións da área de Enxeñaría Química
MAYFER PERFUMES S.L.	Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos
UTE CMG2 KUDEAKETA	Máster en Enxeñaría Ambiental
HERBAROM LABORATOIRE	Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos
ACCENTURE OUTSOURCING SERVICES, S.A.U	Tódalas titulacións da USC
FUNDACIÓN ANDALUZA PARA EL DESARROLLO AEORESPACIAL (FADA)	Tódalas titulacións da USC
COOPERATIVAS OURENSANS (COREN)	Máster en Enxeñaría Ambiental
HIJOS DE RIVERA SAU	Titulacións da área de Enxeñaría Química
DELOITTE CONSULTING	Tódalas titulacións da USC
TECNOLÓGICA ECOSISTEMAS SAU	Tódalas titulacións da USC
REM-IRU S.L.	Máster en Enxeñaría Ambiental
UTE CMG2 KUDEAKETA	Máster en Enxeñaría Ambiental

Visitas a empresas

5 de maio. Visita a Sologás dos alumnos da materia “Enxeñaría Ambiental” do Grao en Enxeñaría Química cos profesores Anuska Mosquera Corral e Francisco Omil Prieto.

12 de maio. Visita á EDAR de Guillarei (Tui) polos alumnos das materias “Ecoprocesos para o tratamento de augas” e “Tecnoloxías innovadoras para o tratamento de efluentes” do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos, co profesor Juan M. Garrido Fernández.

30 de maio. Visita á Serra do Xistral dos alumnos da materia “Edafoloxía Aplicada” do Máster en Enxeñaría Ambiental, cos profesores Eduardo García-Rodeja e Carmela Monterroso.

Actividades de difusión no ámbito do ensino secundario

Outros

11 de maio. O Grao en Enxeñaría Química da ETSE por 16º ano consecutivo entre os 5 mellores graos en Enxeñaría Química segundo o ranking de El Mundo. As universidades de País Vasco, Politécnica de Valencia, Complutense de Madrid e Barcelona completan o ranking.

20 de maio. 4 alumnos do Grao en Enxeñaría Química foron seleccionados para o “Proyecto Mentoring” ISA-Sección Española, de 6 meses de duración.

22 de xuño. O Máster en Enxeñaría Ambiental da USC revalidou o primeiro posto no Ranking 250 Máster que elabora anualmente o xornal El Mundo (sección de Xestión Ambiental). (8º ano consecutivo)

8 de xullo. Premios á Introducción da Perspectiva de Xénero na USC. No seu apartado de investigación o segundo premio desta modalidade foi outorgado ao traballo ‘Científicas fronte ao coronavirus en Wikipedia’ de Encina Calvo Iglesias.

18 de xullo. O reitor Antonio López fixo entrega dos diplomas de recoñecemento ás iniciativas seleccionadas ao abeiro da última convocatoria e que pasarán a integrar o devandito repositorio institucional (Recoñecemento Boas Prácticas). Por parte da ETSE foi premiado o Foro de Empresas que ten como obxectivo o coñecemento mutuo entre as compañías participantes no programa de prácticas da Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE) e o estudantado. Trátase dun evento que resulta de interese tanto para as persoas candidatas a facer as prácticas externas dentro do seus estudos de grao, como para o alumnado de último curso interesado na inserción laboral. Tamén axuda a detectar intereses mutuos na realización de Traballos Fin de Grao nas empresas colaboradoras. Julia González Álvarez, directora da ETSE, foi a encargada de recoller a distinción.